



INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

RESPONSABLE DO TRATAMENTO:

Identidade: Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico Financeira e Contable (CIXTEC)

Enderezo postal: Rúa Domingo Fontán, 9 - 15702 Santiago de Compostela - A Coruña

Correo electrónico: segu@cixtec.es

Delegado de protección de datos: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

FINALIDADE:

Os datos solicitados neste formulario serán incorporados na actividade de tratamento "Seguridade e control de acceso", que ten por finalidade a xestión dos accesos aos sistemas de información da Consellería de Facenda.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que podan derivarse de dita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

Non se realizarán decisións baseadas no tratamento automatizado dos datos.

LEXITIMACIÓN:

Base xurídica do tratamento:

- Lei 2/1998, do 8 de abril, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio, organización e xestión. Disposición adicional 5ª.
- Real Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica.
- Regulamento UE 2016/679 Xeral de Protección de Datos.

OBRIGA DE FACILITAR OS DATOS PERSOAIS E CONSECUCIAS DE NON FACELO:

A lexislación vixente en materia de protección de datos obriga ao responsable do tratamento a establecer medidas de seguridade que garantan a correcta identificación e autenticación dos usuarios nos sistemas de información que manexen datos de carácter persoal. No caso de non proporcionar os datos solicitados neste formulario, non se poderá autorizar o acceso solicitado no mesmo.

DESTINATARIOS:

Non se realizarán cesións nin transferencias internacionais dos datos.

DEREITOS:

Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición ao seu tratamento, cando procedan, ante o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-financeira e Contable - Rúa Domingo Fontán, 9 - 15702 Santiago de Compostela - A Coruña, ou no enderezo de correo electrónico segu@cixtec.es. Tamén ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.